

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dous de setembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as nove horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 26 de agosto de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE MODIFICADO DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte modificado de proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico modificado de execución da obra de “**CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO**”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas,

con data agosto de 2026, cun importe global de CENTO SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (172.367,92 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes lotes e respectivos conceptos:

Lote 1 – Execución de nova pista de pádel exterior (48.391,83 €) – Non se modifica

✓	Execución por contrata:	46.498,18 €
✓	Honorarios de proxecto:	1.288,65 €
✓	Honorarios dirección de obra e CSS:	605,00 €

Lote 2 – Execución de elemento de cubrición para a protección de ambas pistas de pádel (123.976,09 €)

✓	Execución por contrata:	115.167,29 €
✓	Honorarios de proxecto:	6.025,80 €
✓	Honorarios dirección de obra e CSS:	2.783,00 €

Considerando que o modificado do proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 02/09/26, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o modificado do proxecto técnico anteriormente especificado.

3.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE CONFORMIDADE CO MODIFICADO DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA INCLUÍDA NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS (II PEID)

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, adoptado na sesión de data 21 de abril de 2025, concedeuse a este Concello unha subvención por importe de 89.223,02 € para a execución do investimento

denominado “*Construción de pista de pádel e elemento de cubrición – Lote 2*”, ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID) e de conformidade coas bases reguladoras e convocatoria publicadas no BOP núm. 206, do 22/10/24 (expediente núm. [REDACTED]).

2º.- A obra foi adxudicada por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 04/08/25, á sociedade Nature Infraestructuras y Servicios S.L., ao prezo de 87.604,00 €, IVE incluído. Dita obra atópase na actualidade en curso de execución.

3º.- A Dirección facultativa da obra considerou necesario, por razóns técnicas derivadas da imposibilidade de garantir as condicións mínimas de resistencia, estabilidade e seguridade esixibles, a substitución do material de cubrición inicialmente previsto por unha cobertura de chapa de aceiro prelacado minionda. Aos citados fins foi redactado un modificado do proxecto de execución que foi aprobado na presente sesión.

4º.- A Base vixésimo cuarta da subvención permite a tramitación de modificados dos proxectos á solicitude da entidade municipal beneficiaria, cos requisitos nela establecidos.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a súa conformidade co modificado do proxecto técnico de execución do investimento denominado “*Construción de pista de pádel e elemento de cubrición – Lote 2*”, subvencionado ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID).

Segundo.- Asumir integramente, con cargo ao orzamento municipal, o incremento de custe respecto ao proxecto inicial, por un importe de VINTE E SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (26.556,72 €), IVE incluído.

4.- RECOÑECIMIENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar do Servizo Municipal da Axuda no Fogar (SAF), Dona Isabel Varela Vázquez (RE núm. 1326, do 26/08/26), solicitando o recoñecemento do sexto trienio de antigüidade.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 6 de maio de 2011, 24 de setembro de 2014, 2 de decembro de 2016 e 31 de xaneiro de 2020, recoñeceulle o dereito ao percibo de catro trienios. O quinto trienio foi recoñecido por Resolución da Alcaldía de data 13 de decembro de 2022.

VISTO o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Isabel Varela Vázquez o seu dereito a percibir o sexto trienio con data de consolidación do día 4 de novembro de 2025 e con efectos económicos do día 1 de decembro de 2025.

5.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Marta Diéguez Ledo

VISTA a instancia presentada por Dona MARTA DIÉGUEZ LEDO, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Bagarelas, parroquia de Vilela (RE núm. 1282, do 18/08/26), pola que solicita autorización municipal para o entubado dunha canle de abastecemento de auga no camiño municipal de Bagarelas a Vilela, con referencia catastral 36047A012090010000PT, segundo plano adxunto. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro,

autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte da solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa da solicitante.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 907,90 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/factura núm. 26A/1282 (FACe).
- NATURGY CLIENTES EMPRESAS S.A.U. 628,69 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 66,23 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361326FC0006458.

- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L.
6.374,28 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra para solicitude de subvención ao abeiro do VíaDepo, s/factura núm. 008/26 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.
5.989,50 €
Honorario por confección de memoria valorada de danos en infraestruturas municipais, s/factura núm. 2026/59 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 698,38 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1566 (FACe).
- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 1.694,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de agosto de 2026, s/factura núm. Fn-2026-06.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 9.542,52 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, nos meses de xuño e xullo de 2026, s/facturas núm. A/96 e A/119 (FACe).
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 738,10 €
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. A/138113 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 143,30 €
Por analíticas de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20263630 (FACe).
- ODAIKO KREA S.L. 1.800,00 €
Por concerto de artística e a banda 80, dentro da programación de Cultura no Camiño 2026, s/factura núm. 2026/96 (FACe).

- OFICINA 360, S. COOP. GALEGA 1.452,00 €
Por representación do espectáculo “*Gran cuarteto da familia Bocaprier*”, dentro da programación de +Escénicas 2026 da Deputación de Pontevedra, s/factura núm. 2026041 (FACe).
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 28,88 €
Por subministro de augas e xeo para actividade lúdica na piscina municipal, s/factura núm. 13536.
- HORMIGONES DEZA S.L.U. 1.728,90 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 3/2600322 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”

- GSÍ DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 4.660,83 €
Por subministro de calzado, vestiario de traballo e EPIs, s/facturas núm. FAC/11743, FAC/13506, FAC/13777, FAC/13784 e FAC/14748 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 751,65 €
Por subministro de diverso material de obra, s/factura núm. 2026 A 003817 (FACe).
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 504,00 €
Por adquisición de terminais de telefonía móbil e cargadores para o persoal directivo e docente, s/facturas núm. 613.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 246,84 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social no mes de xullo de 2026, s/factura núm. 1567 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)